

Proxecto de Decreto XXX/2017, de XX de XXXXXX, polo que se fixa a delimitación territorial para a ubicación de novas oficinas de farmacia conforme a módulos de poboación e se aproba o mapa farmacéutico.

A Lei 5/1999, do 21 de maio, de ordenación farmacéutica, define a oficina de farmacia como un establecemento sanitario de interese público integrado na atención primaria. Así mesmo, no seu artigo 18, establece que a autorización de novas oficinas de farmacia estará sometida á planificación por parte da Consellería competente en materia de Sanidade, a cal se efectuará tomando como base as unidades de atención primaria, que se corresponden coas demarcacións municipais que compoñen o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, atendendo ás zonas farmacéuticas que clasifica en urbanas, semiurbanas e rurais.

De acordo coa dita lei e co disposto nos artigos 3 e 4 do Decreto 146/2001, do 7 de xuño, sobre planificación, apertura, traslado, cerramento e transmisión de oficinas de farmacia, correspóndelle á Consellería competente en materia de Sanidade fixar, en aplicación dos criterios que nel se recollen, a delimitación territorial concreta na que poidan establecerse as novas oficinas de farmacia dentro de cada zona farmacéutica, o que permite dispoñer dun marco de referencia adecuado para racionalizar o establecemento de novas oficinas de farmacia nesta Comunidade Autónoma, co fin de que no nivel asistencial de atención primaria, a cidadanía dispoña do número necesario de oficinas de farmacia para garantir un acceso rápido, oportuno e equitativo a atención farmacéutica que precisen.

Co obxecto de que a distribución das zonas farmacéuticas que constituirán o mapa farmacéutico se corresponda coa organización sanitaria existente no nivel de atención primaria, seguiranse os criterios establecidos polo mapa sanitario de Galicia no relativo ás áreas de saúde, tal e como se dispón no Decreto 55/1989, do 6 de abril, polo que se aproba a revisión do mapa sanitario de Galicia. Asemade, tamén debe terse en conta a actual organización sanitaria contemplada no Decreto 168/2010, do 7 de outubro, polo que se regula a estrutura organizativa de xestión integrada do Servizo Galego de Saúde a partir do cal se crearon as sete Estruturas Organizativas Xestión Integrada (EOXI) como instrumento de organización para o ámbito periférico do Servizo Galego de Saúde: EOXI de A Coruña e EOXI de Santiago de Compostela (creadas polo Decreto 168/2010, do 7 de outubro), EOXI de Ferrol (creada polo Decreto 193/2010, do 18 de novembro), EOXI de Ourense-Verín e O Barco (creada polo Decreto 163/2011, 28 de xullo), EOXI de Pontevedra e O Salnés (creada polo Decreto 162/2011, do 28 de xullo), EOXI de Vigo (creada polo Decreto 46/2013, do 7 de marzo) e EOXI de Lugo, Cervo e Monforte de Lemos (creada polo Decreto 55/2013, do 21 de marzo).

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Sanidade, consultados os colexios oficiais de farmacéuticos de Galicia e de acordo co/oído o Consello Consultivo de Galicia e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día xxxx de xxxx de 2017.

DISPOÑO

Artigo 1º. Obxecto e ámbito de aplicación

Este decreto ten por obxecto fixar a delimitación territorial concreta na que poderán establecerse as novas oficinas de farmacia en cada zona farmacéutica da Comunidade Autónoma de Galicia, así como aprobar o novo mapa farmacéutico de Galicia.

Artigo 2º. Mapa farmacéutico

1. O mapa farmacéutico de Galicia estará integrado polas zonas farmacéuticas urbanas, semiurbanas, e rurais nas que a Lei 5/1999, do 21 de maio, de ordenación farmacéutica, no seu artigo 18.2, clasifica o noso territorio, de xeito que se inclúa en cada unha das zonas farmacéuticas o número de habitantes que conste na última revisión do padrón municipal vixente, o número de farmacias autorizadas, o número de centros de atención primaria, o número de centros hospitalarios públicos, e o número de centros públicos de asistencia social para maiores, tal e como se recolle no anexo I.

2. O mapa farmacéutico será revisado periodicamente, cando se detecten modificacións relevantes nas circunstancias de atención farmacéutica debidas as variacións correspondentes ao padrón municipal ou a outras circunstancias que concorran nese momento.

Artigo 3º. Necesidades de novas oficinas de farmacia, segundo a aplicación dos módulos

Como resultado da aplicación en cada unha das zonas farmacéuticas do mapa farmacéutico de Galicia, dos módulos de poboación para a apertura de novas oficinas de farmacia establecidos no número 4º do artigo 18 da Lei 5/1999, de 21 de maio, faise pública a relación de zonas farmacéuticas clasificadas en urbanas, semiurbanas e rurais, nas que cómpre autorizar a apertura de novas oficinas de farmacia, así como o número de estas que corresponderían, segundo consta no anexo II.

En calquera caso, as novas oficinas que se determine serán adxudicadas por concurso público seguindo o procedemento establecido regulamentariamente.

Artigo 4º. Delimitación territorial das novas oficinas de farmacia

1. En aplicación dos principios de cobertura de poboación e accesibilidade ao servizo farmacéutico, fíxase a delimitación territorial concreta das novas oficinas de farmacia, segundo se especifica no anexo III.

2. Baseándose nos principios recollidos no punto anterior, fíxase territorialmente a ubicación dunha nova oficina de farmacia, con carácter preferente, en parroquias que carecen de oficina de farmacia ou naquelas que, contando con ela, a proporción de habitantes por oficina incluída a nova, supere nun 25% a poboación existente na parroquia de maior poboación que no a teña.

Disposición adicional única. *Traslados de oficinas de farmacia*

Desde a entrada en vigor deste decreto, e ata a finalización dos procedementos de autorización para a instalación de novas oficinas de farmacia, non serán admitidas solicitudes de traslado no ámbito da delimitación territorial concreta fixada para a autorización de apertura dunha nova oficina de farmacia.

Asemade, os expedientes de traslado que afecten a unha zona farmacéutica na que se vaian a instalar novas oficinas de farmacia, e que se atopen en tramitación, quedarán suspendidos automaticamente ata a finalización dos procedementos de autorización de novas oficinas de farmacia, agás cando se trate de traslados forzosos nos que estea debidamente xustificada a urxencia do mesmo.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa*

Queda derogado o Decreto 278/2002, de 12 de setembro, do mapa farmacéutico e delimitación territorial para a autorización de novas oficinas de farmacia conforme a módulos de poboación.

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento*

Facúltase ao conselleiro competente en materia de sanidade para que dite as disposicións necesarias para a aplicación deste decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Este decreto entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, XX de XXXX de 2017

Alberto Nuñez Feijoo
Presidente

Jesús Vazquez Almuiña
Conselleiro de Sanidade